



O SERGAS non pode desprezar o traballo de máis de 250 profesionais da sanidade pública nin seguir a dar voltas sen tomar medidas concretas que melloren a situación crítica da Atención Primaria.

Na actualidade **máis de 250 profesionais da sanidade pública están a traballar en diferentes comisión** creadas desde o Consello Técnico de Atención Primaria, persoas que de forma desinteresada están a por o seu tempo e coñecemento ao servizo da sanidade pública.

O único interese é a súa aposta por un novo modelo de atención primaria que de resposta ás necesidades de saúde da poboación de Galiza. E remate coa situación laboral que soportan.

Por iso, desde CIG-SAÚDE non entendemos as presas da Consellaría de Sanidade en publicar o traballo encomendado a un “GRUPO DE EXPERTOS EN ATENCIÓN PRIMARIA”, denominados así pola consellaría, **como se as/os profesionais da sanidade pública non merecesen con maiúscula ser cualificados como EXPERTAS/OS.**

Como afirma a Consellaría de Sanidade, o grupo de expertos creouse por acordo entre a Consellaría, os Colexios Profesionais e as sociedades científicas. CIG-SAÚDE agarda que estes amosen **o mesmo respecto e interese polo traballo que están a facer os expertos da sanidade pública** nas comisión de traballo.

No referente ás conclusións do “GRUPO DE EXPERTOS EN ATENCIÓN PRIMARIA” CIG-Saúde quere manifestar que é posible que **se a Consellería de Sanidade escoitara máis non necesitaría grupos de expertos:**

O GRUPO DE EXPERTOS	Denuncias CIG-SAÚDE
A primaria ten pouca autonomía de xestión.	O modelo organizativo das EOXIs acabou coa capacidade de decisión da atención primaria.
Xestionar a relación co hospital.	A atención primaria ten que deixar de ser a subordinada da atención hospitalaria.
Unha dirección executiva con orzamento propio.	Creación da xerencia de atención primaria, para que esta poida desenvolver a súa capacidade asistencial, con orzamento propio.
Ampliar o traballo en equipo. O traballo en equipo sempre funciona.	Desenvolver a carteira de servizos de todos os colectivos, recuperar o traballo en equipo e incorporar as categorías profesionais que faltan.
Cubrir máis do 100% das prazas.	Eliminar a taxa de reposición, cobertura do 100% das prazas. Negociar na mesa sectorial un plano de Ordenación de RRHH para identificar as necesidades e por solucións.

Algunhas das conclusións que se recollen no traballo do grupo de expertos son as mesmas que, dende o ano 2010, **vimos denunciando desde a CIG-SAÚDE e desde outras organizacións.**

Hai outras conclusións, como a eliminación dos Puntos de Atención Continuada (PACs), que **cuestionan o modelo de Atención Primaria que defendemos** e que suporían un importante paso atrás tanto para as e os profesionais como para o servizo que se presta á cidadanía.

Reiteradamente, vimos denunciando **o desmantelamento da atención primaria**, a falta de orzamento, a súa subordinación aos obxectivos hospitalarios. E o mais grave, **a eliminación de postos de traballo** coa amortización de prazas nos últimos anos.

Tamén vimos denunciando que no ano 2020 vanse producir **un número importante de xubilacións de persoal facultativo**, das/os que na actualidade están a prorrogar a súa vida laboral e que no próximo ano cumpriran 70 anos, disto ninguén fala, pensan que ocultando o dato vaise solucionar por si só.

A Consellería de Sanidade, se quere demostrar que aposta pola Atención Primaria, ten que:

- **Modificar os orzamentos presentados** e incrementar a cantidade dedicada á Atención Primaria para dar cumprimento ás propostas dos grupos de traballo.
- **Modificar o Decreto que regula as Areas Sanitarias** e os Distritos Sanitarios para crear unha verdadeira estrutura de xestión da Atención Primaria.
- **Negociar un verdadeiro plano de Ordenación de RRHH** que de resposta ás necesidades actuais e futuras de tódalas categorías da nosa Atención Primaria.
- **Crear prazas novas** nos Centros de Saúde que viven situacións máis críticas, en cantidade suficiente para que repercuta no tempo da atención e na calidade asistencial.

Se a Consellería de Sanidade non toma estas medidas de xeito inmediato, CIG-Saúde continuará denunciando a situación e presionando para que o faga.

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2019

